

FOCO VALÉRIE MASSADIAN

Todas as sesións contarán
con presentación e coloquio da cineasta



NANA

(2011, 68')

PASE ÚNICO EN NUMAX: 31.03.2019 | V.O.S.E.

Dirección: Valérie Massadian

Guión: Valérie Massadian

Elenco: Marie Delmas, Kelyna Lecomte, Alain Sabras

Montaxe: Dominique Auvray, Valérie Massadian

Son: Olivier Dandré, Bruno Ehlinger,

Jonathan Laurent, Manuel Vidal

Fotografía: Léo Hinstin, Valérie Massadian

Produtora: Gajin, Epicentre Films (Francia)

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Francés

SINOPSE

Nana é unha nena de catro anos que vive coa súa nai nunha casa no bosque. Unha tarde, cando volve do colexio, descobre a soidade: a súa nai non está e todo é silencio. A partir de entón non terá máis remedio que arranxarse por si mesma, utilizando a súa precoz liberdade para se apoderar do mundo.

PREMIOS E FESTIVAIS

Locarno 2011 (Mellor Opera Prima),
Valdivia 2011 (Mellor Filme), BAFICI
2012 (Sección Oficial), Las Palmas 2012
(Sección Oficial)

507

MILLA

(2017, 128')

PASE ÚNICO EN NUMAX: 01.04.2019 | V.O.S.E.

Dirección: Valérie Massadian

Guión: Valérie Massadian

Elenco: Severine Jonckeeere, Luc Chessel, Ethan Jonckeeere

Son: Aline Huber

Música: Martin Caraux

Fotografía: Robin Fresson, Mel Massadian

Produtora: Cinémadefacto (Francia, Portugal)

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Francés

SINOPSE

Milla só ten 17 anos e o seu mozo, Leo, é un pouco maior ca ela. A existencia da parella está pautada por pequenos traballos mal pagados e noites nas que desexan mudar o mundo. A parella atopará acubillo nunha pequena cidade, nunha casa abandonada ás beiras do Canal da Mancha que se converte no seu refuxio persoal. Nútrense do amor, a teimosía da xuventude e das gañas de mudar as cousas, a pesar das dificultades e das estreitezas dunha vida nada doada.

PREMIOS E FESTIVAIS

Doclisboa 2017 (Mellor Filme), Lanzarote 2017 (Premio do Xurado), Locarno 2017 (Premio Especial do Xurado Cineastas do Presente, Premio Audientia), Entrevues 2017 (Premio Camira), BAFICI (Vanguardia e Xénero)

508

«Carapuchiña silvestre. Unha sorte de conto infantil de trazo hiperrealista con escuridade no seu centro. A directora logra unha abraiante fusión entre a súa mirada e a relación coa contorna da súa precoz actriz natural»

Jordi Costa, EL PAÍS

«Nas mans de Massadian, o pequeno e o grande son un e o mesmo. Unha traxedia exquisita»

James Lattimer, SLANT

**A COR
DAS
PALABRAS
2019**

**ENCON-
TROS
CON
CINEASTAS**

VALÉRIE

MASSADIAN

«Traballar co vivo»

“Cos meus actores hai un traballo de posta en confianza”

Entrevista
con Valérie Massadian
Por Karin Schiefer

En *Nana* (2011) mergullábase no universo dunha nena, mentres que en *Milla* (2017) se trata dunha rapaza de 17 anos que se asoma á vida adulta. De onde vén a túa curiosidade pola xuventude? Son máis ben as idades de transición as que me inspiran. O que me interesa en *Nana*, que ten catro anos, é que esa é a idade salvaxe previa á domesticación. *Nana* ten unha idade bisagra ao igual que *Milla*, que aos seus 16-17 anos enfrenta a maternidade antes de rematar a súa adolescencia.

O seu estilo narrativo ten unha relación moi particular co tempo que semella completamente ancorado no presente. Dedicar moito tempo á realización dos seus filmes? Moito tempo. O único que esixo cando me lanzo a un novo proxecto é tempo. No traballo con actores procuro xente que encaixe no seu interior co que eu busco nos meus filmes. Tanto na relación cos seus corpos como no contacto co mundo, cos demais. Paso moito tempo con eles porque teño

necesidade de coñecer a súa faceta máis animal e instintiva. Teño un instinto moi poderoso no que confío. Percibo cousas das persoas que eles mesmos non detectan, que van alén da imaxe que eles teñen de si propios.

Como é o proceso de busca das súas protagonistas, que xogan unha función tan relevante no desenvolvemento das súas historias? Prefiro falar dunha relación que fabricamos xuntas. É un traballo de zapateira. Para atopar a Séverine Jonckeere, que interpreta a *Milla*, pasei case un ano na rexión visitando casas para nais mozas. Para a parte do filme na que aparece o pequeno, precisaba unha verdadeira relación entre nai e fillo, senón sería imposíbel filmalo. Distribuín pasquíns na rúa e foi así como coñecín as dúas mulleres que dirixían a Casa de Mozas de Cherburgo e, unha vez gañei a súa confianza, permitíronme facer un casting no que entrevistei a sesenta mozas con crianzas. Cando Séverine entrou ollei para o meu fillo Mel, que se ocupaba da fotografía. Estaba claro que atopáramos o que precisabamos. O personaxe de *Milla* agarra a vida tal e como lle chega, semella ter unha sabiduría vital propia dunha persoa adulta.

Inspírouse nalgún en concreto para o seu personaxe? Séverine non é como *Milla*, pero leva canda si un sentido de resistencia e, sobre todo, de resiliencia. Cae e volve erguerse. O personaxe de *Milla* reflexa a miña relación coas mulleres. Ademais de seren fortes son resilientes, pouco importa o que lles veña enriba, elas atopan a enerxía para fabricar algo novo. É este poderío o que me emociona na natureza feminina.

Unha vez que atopa os seus actores principais cal é o seu método de traballo para filmar? Ningún. Non hai traballo cos actores. Hai un traballo de posta en confianza. O meu traballo consiste en dedicarlles moito tempo e ser transparente. Se emprendo un filme no que me introduzo na vida dos actores teño unha gran responsabilidade. A forza de observalos, coñezo ben os seus

xestos, as súas reaccións. Se escollo para Léo nos anuncios de traballo empregos de aprendiz mal pagados, sei que iso vai provocar unha reacción en Luc [*Chessel*, que interpreta a Léo] que me interesa politicamente. Se lle dou a *Milla* algunha cousa que non sabe como facer, sei que ela se vai aplicar no asunto. A incomodidade e a fragilidade coa que ela fai as cousas transtórname. Preocúpome moito de non adoptar unha perspectiva superior a eles, senón unha ollada chea de amor, doutro xeito non atopo razón para facer un filme. Facemos moi poucas tomas, pero son moi longas. Doulles moi poucas indicacións emocionais pero moitos obxectos cos que actúen.

A súa ollada é case documental, o que non impide que intres irrealis e oníricos entren nun guiño que se constrúe a base de enormes elipses. Creo que hai moitas escenas do meu cinema que son, ao mesmo tempo, realistas e o seu contrario. Hai unha relación moi porosa entre o soño e a realidade. Eu son medio armenia e fun criada nunha relación co soño moi diferente á de Occidente. A elipse está moi ligada ao soño. O que eu busco co meu traballo cinematográfico ten a ver coas cousas que coñezo e hai tamén elementos que se atopan na orde da memoria. O tempo non existe realmente nos meus filmes. Creo que esa é a propiedade do cinema. A relación coa memoria e o cinema é o único momento da túa vida no que te podes apropiarse do tempo e facer completamente o que ti queres.

Publicado en rm.coe.int
Tradución: Xan Gómez Viñas

A COR DAS PALABRAS 2019



Foto: Mel Massadian

VALÉRIE MASSADIAN

«Traballar co vivo»

31 de marzo ás 11:30

Cinema NUMAX
Concepción Arenal, 9

Entrada gratuíta até completar aforo
Reservas en
acordaspalabras@santiagodecompostela.gal

www.compostelacultura.gal

@CCultura

CompostelaCultura

A cineasta francesa de orixe armenia **Valérie Massadian** (1972) dáse a coñecer no mundo da fotografía da man de Nan Goldin, de quen foi axudante, e no campo do cinema como directora de arte do cineasta independente François Rotger. Influenciada polo cinema de Pedro Costa e, nomeadamente, por *No cuarto de Vanda*, que segundo a directora mudou a historia do cinema, estréase na dirección con *Nana*, conto infantil hiperrealista protagonizada por unha nena que descobre o mundo. Unha «auténtica obra de arte» (Cine Maldito) premiada en festivais como Locarno ou Valdivia. A consagración internacional chégalle a Massadian en 2017 con *Milla*, historia de amor cru e antiromántico, protagonizada por unha parella moza que vive o día a día con escasos recursos pero a determinación de cambiar o mundo e saír adiante. O aluvián de premios recibidos (Mellor Filme Doclisboa, Premio do Xurado en Locarno e Lanzarote, Premio Camira en Entrevues, etc.) dan boa conta da singularidade creativa da cineasta.

Os libros de Valérie Massadian

Les saisons, Maurice Pons

La morte de Blanche-Neige,
Jeanne Cordelier

Présence de la mort, Charles
Ferdinand Ramuz

Brand New Ancients,
Kate Tempest

Le grand fakir, Dominique Mainard
Écrits 1926-1971, Jean Renoir

El reparto de lo sensible,
Jacques Rancière. Prometeo, 2014

Peau noire, masques blanches,
Franz Fanon. Points, 2015

Los condenados de la tierra,
Franz Fanon. Txalaparta, 1999

Le jour des corneilles,
Jean-François Beauchemin

La domination policière,
Mathieu Rigouste. La Fabrique, 2012

Solar Throat Slashed, Aimé Césaire
L'homme qui plantait des arbres,
Jean Giono. Gallimard / Xerais / Duomo

America, Vladimir Maiakovski.
Gallo Nero, 2011